



## PUBLICACIÓN DA VALORACIÓN DAS PROPOSTAS PRESENTADAS NA FASE I DO CONCURSO DE PROXECTOS PARA A REHABILITACIÓN DO EDIFICIO DO ANTIGO MERCADO PARA UNHA BIBLIOTECA PÚBLICA MUNICIPAL

O Xurado do CONCURSO DE PROXECTOS PARA A REHABILITACIÓN DO EDIFICIO DO ANTIGO MERCADO PARA UNHA BIBLIOTECA PÚBLICA MUNICIPAL, integrado polas seguintes persoas:

Presidenta:

- **Dona. María Nava Castro Domínguez**, alcaldesa do Concello de Ponteareas.

Vogais:

- **Dona Sílvia Fernández Táboas**, concelleira de Urbanismo de Ponteareas (arquitecta).
- **Dona Fátima Souto Domínguez**, arquitecta municipal do concello de Ponteareas.
- **Dona María Gracia Amandi Joglar**, arquitecta proposta polo COAG.
- **Don Alfredo Sirvent Silveira**, arquitecto proposto polo COAG.
- **Dona Inmaculada Serrano Plaza**, Técnico de Bibliotecas da Xunta que ocupa actualmente o cargo de directora da Biblioteca Pública de Vigo Juan Compañel.

Secretario:

- **Dona Angelina Carrera Márquez**, secretaria accidental do Concello de Ponteareas.

Nas sesións levadas a cabo os días 24 de setembro e 1 de outubro de 2024, o Xurado analizou e avaliou as propostas presentadas para a FASE I do Concurso, conforme aos criterios de valoración establecidos no apartado 11 das Bases, emitindo o fallo razoado e facendo suxestións, nalgún caso, determinando as 5 propostas finalistas, que serán convidadas a participar na FASE II. Para esa seguinte fase, deberán desenvolver as súas ideas a nivel de Anteprojecto.

Os criterios de valoración expostos no apartado 11 das bases, son os seguintes:

*“A valoración das propostas centrarase na súa calidade global, estudada desde a complexidade específica do concurso.*

*As propostas cuxo desenvolvemento teña un custo que, a xuízo do xurado, supere o orzamento de execución material sinalado nas bases serán desestimadas.*

*Na súa resolución, o xurado valorará exclusivamente a calidade das propostas técnicas, isto é, os seus valores técnicos, funcionais, arquitectónicos, culturais e medio ambientais, tendo en conta os "principios de calidade" establecidos no artigo 4 da Lei 9/2022 de Calidade da Arquitectura e o artigo 184.3 LCSP, que textualmente di: “nos concursos de proxectos, a valoración das propostas referirase á calidade das mesmas, e os seus valores técnicos, funcionais, arquitectónicos, culturais e ambientais”.*

1. Calidade arquitectónica das propostas	30 puntos
2. Adecuación das propostas ás esixencias do programa funcional	30 puntos
3. Atención aos valores naturais e culturais do lugar así como os criterios de sustentabilidade e eficiencia enerxética e incorporacións de innovacións tecnolóxicas, sociais ou ambientais	20 puntos
4. Coherencia nos sistemas construtivos propostos en relación co obxecto do concurso e a edificación existente	10 puntos
5. A relación entre o edificio coa contorna	10 puntos
TOTAL	100 puntos

Por todo o anterior, o xurado decide, por unanimidade, a seguinte valoración das propostas presentadas:



### **LEMA: NO ERA UN SOMBRERO**

Valoración: O proxecto presenta unha imaxe limpa e clara, con espazos diáfanos e unha forte conexión entre as dúas plantas, o que lle dá coherencia e fluidez ao deseño. Destacamos moi positivamente o deseño da bancada, que nos resulta moi atractivo. Tamén se valoran de forma favorable os soportais xerados, que enriquecen a proposta arquitectónica.

En canto á entrada, sería importante cualificar o punto de atención no acceso, xa que é un elemento clave na organización espacial. Suxírese estudar mellor os accesos, así como a situación da sala 24 horas, xa que actualmente carece de aseos. Ademais, recoméndase analizar as rúas anexas e estudar o filtro de luz cenital, para mellorar o control da iluminación natural no espazo.

### **LEMA: CONDENSADOR URBANO**

O soportal cuberto orientado ao sur é un espazo de oportunidade que prolonga a rúa, creando unha conexión agradable co entorno. É positivo destacar a valorización da estrutura existente e a súa sinxeleza construtiva, que contribúe á harmonía do deseño. O esquema funcional é moi claro e resolve as necesidades de accesibilidade.

Respecto á planta cuberta, é necesario repensar o uso previsto, evitando actividades como skate ou baloncesto debido ao ruído que estas xeran. Suxírese que os usos que se propoñan na cuberta estean relacionados coa biblioteca para garantir unha integración funcional. Suxírese revisar a dimensión da escaleira, tendo en conta a capacidade da biblioteca para garantir un uso eficiente do espazo. Tamén é importante traballar nas comunicacións verticais para mellorar a circulación dentro do edificio.

### **LEMA: NAO SENLLEIRA (REXISTRO 8183)**

O proxecto presenta unha imaxe global clara, limpa e facilmente recoñecible, permitindo unha lectura sinxela da proposta. O programa é claro e ordenado, cunha distribución de espazos diáfanos e versátiles que están relacionados entre si, proporcionando moita luz natural. A estrutura intégrase perfectamente na imaxe global do proxecto, e o acceso, a través do soportal de entrada, convida a entrar.

No desenvolvemento posterior, suxírese buscar un maior aproveitamento da luz natural en fachada. Tamén se recomenda traballar máis a proposta nas rúas, para mellorar a conexión coa contorna. Por último, sería conveniente estudar o acceso á sala de lectura para garantir a súa funcionalidade e accesibilidade.

### **LEMA: O CASTRO URBANO**

Valórase moi positivamente o espazo interior destinado á relación, que crea un ambiente acoledor e funcional. A proposta de abrir decididamente o edificio na planta baixa para permitir a entrada de luz é moi interesante e contribuirá a unha maior luminosidade do espazo.

É importante ter en conta que non se debe levar ao extremo a idea do castro, xa que isto podería resultar nunha estrutura demasiado ríxida en relación coa existente. Suxírese explorar formas de introducir luz na planta de abaixo, así como estudar a xeometría do castro para



garantir unha integración harmoniosa coa contorna. Tamén se bota en falta a solución construtiva da fachada.

### LEMA: KUNSTHALINHO

A arquitectura proposta é esencial e destaca as calidades da estrutura existente, creando unha harmonía entre o novo e o antigo. O programa funcional está ben resolto, proporcionando unha distribución efectiva dos espazos.

Respecto á planta cuberta, é necesario repensar o uso previsto, evitando actividades como skate ou baloncesto debido ao ruído que estas xeran. Suxírese que os usos que se propoñan na cuberta estean relacionados coa biblioteca para garantir unha integración funcional. Ademais, sería interesante traballar nas rúas laterais para mellorar a conexión coa contorna e a accesibilidade ao edificio.

Puntuacións de todas as propostas presentadas:

N.º	LEMA	30	30	20	10	10	100
1	NO ERA UN SOMBRERO	28,75	28,75	20	8,75	8,75	<b>95</b>
2	REFLEXOS LITERARIOS NAS AUGAS DO TEA	-	-	-	-	-	<b>0</b>
3	CRUCIGRAMA 2024	17,5	17,5	12,5	7,5	7,5	<b>62,5</b>
4	REGENERA	25	22,5	15	7,5	7,5	<b>77,5</b>
5	DO-RE-MI	15,75	15,75	10,75	5,75	5,75	<b>53,75</b>
6	MUTATISMUTANDIS	17,5	17,5	12,5	7,5	7,5	<b>62,5</b>
7	XULLO	22,5	20	17,5	7,5	7,5	<b>75</b>
8	MOSAICO	15,75	17,5	12,5	5,75	7,5	<b>59</b>
9	VEREDAS	15,75	15,75	10,75	5,75	5,75	<b>53,75</b>
10	ENTRE CALLES	17,5	17,5	10,75	7,5	5,75	<b>59</b>
11	EMPLAZA LAPLAZA!	15,75	15,75	10,75	7,5	5,75	<b>55,5</b>
12	A BIBLIO DO PATIO	22,5	22,5	15	7,5	7,5	<b>75</b>
13	UN BOSQUE MÁGICO	15,75	17,5	10,75	5,75	5,75	<b>55,5</b>
14	EXEMPLAR	15,75	17,5	10,75	5,75	5,75	<b>55,5</b>
15	AZULINA	15,75	17,5	10,75	7,5	5,75	<b>57,25</b>
16	SOMBRA DO MEU LECER	22,5	20	15	10	7,5	<b>75</b>
17	REFUXIO DAS LETRAS	17,5	17,5	12,5	5,75	5,75	<b>59</b>
18	Y SE HIZO LA LUZ	-	-	-	-	-	<b>0</b>
19	KAHNTON	15,75	17,5	10,75	7,5	5,75	<b>57,25</b>
20	TEMPO 124	25	25	17,5	10	7,5	<b>85</b>
21	INVERNADOIRO	25	25	15	10	10	<b>85</b>
22	NOTRIQUETRA	20	20	12,5	7,5	7,5	<b>67,5</b>
23	RAÍCES CULTURALES	15,75	17,5	10,75	5,75	5,75	<b>55,5</b>
24	ZARATUSTRA	20	17,5	12,5	7,5	7,5	<b>65</b>
25	LIBROS, SUEÑOS, VUELOS Y MÁS	17,5	17,5	10,75	7,5	7,5	<b>60,75</b>
26	LECTOCOMOS	15,75	17,5	10,75	7,5	7,5	<b>59</b>
27	AO CEO	20	17,5	10,75	5,75	5,75	<b>59,75</b>
28	CONDENSADOR URBANO	28,75	28,75	20	7,5	10	<b>95</b>





29	NAO SENLLEIRA (rexistro 8183)	27,5	30	18,75	10	8,75	<b>95</b>
30	PRAZA DO LECTOR	25	22,5	17,5	10	7,5	<b>82,5</b>
31	ALMAS DE CIUDAD	-	-	-	-	-	<b>0</b>
32	PERMEABLEMENTE	17,5	17,5	12,5	7,5	7,5	<b>62,5</b>
33	PROCURAR A VÍRGULA	15,75	17,5	10,75	5,75	5,75	<b>55,5</b>
34	PLAZA Y RAMPAS	-	-	-	-	-	<b>0</b>
35	PONTE DE ENCONTRO	17,5	17,5	10,75	5,75	7,5	<b>59</b>
36	100% ROSAL	-	-	-	-	-	<b>0</b>
37	MERCADO DE CONOCIMIENTO	15,75	15,75	10,75	5,75	5,75	<b>53,75</b>
38	NAO SENLLEIRA (rexistro 8113)	15,75	17,5	10,75	7,5	5,75	<b>57,25</b>
39	PALOMA	-	-	-	-	-	<b>0</b>
40	NOVO FARO	22,5	20	15	10	7,5	<b>75</b>
41	ÁGORA	17,5	17,5	10,75	7,5	5,75	<b>59</b>
42	EGJIA 177	25	22,5	15	10	7,5	<b>80</b>
43	SOLARIA	22,5	20	15	10	7,5	<b>75</b>
44	HORREUM LITTERAE	22,5	20	15	10	7,5	<b>75</b>
45	ÁGORA 2.0	15,75	17,5	10,75	5,75	7,5	<b>57,25</b>
46	XUNTANZAREAS	-	-	-	-	-	<b>0</b>
47	EN CRUDO	25	25	15	10	10	<b>85</b>
48	O CASTRO URBANO	29	29	18	10	9	<b>95</b>
49	DEL PASAJE A LA LUZ	15,75	17,5	10,75	5,75	5,75	<b>55,5</b>
50	DOUS EN UN	17,5	17,5	12,5	7,5	7,5	<b>62,5</b>
51	LUMEN SAPIENTIA	20	20	10,75	7,5	7,5	<b>65,75</b>
52	VELO VERDE	-	-	-	-	-	<b>0</b>
53	METAMORFOSIS	25	22,5	15	10	7,5	<b>80</b>
54	EL ARCA DE LAS PALABRAS	20	17,5	12,5	7,5	7,5	<b>65</b>
55	HELLRAISER222333	17,5	17,5	10,75	7,5	7,5	<b>60,75</b>
56	HORTUS IN PLATEA	15,75	15,75	12,5	7,5	7,5	<b>59</b>
57	ESPACIOS QUE CUENTAN, ESPACIOS DE ENCUENTRO	15,75	17,5	10,75	5,75	5,75	<b>55,5</b>
58	ABIERTO POR OBRAS	15,75	17,5	10,75	7,5	5,75	<b>57,25</b>
59	UN JARDÍN DE INVIERNO	15,75	17,5	10,75	5,75	7,5	<b>57,25</b>
60	A FESTA DO BURATO	22,5	22,5	15	7,5	7,5	<b>75</b>
61	LUMIEIRA	25	25	15	10	7,5	<b>82,5</b>
62	LUZ, MADERA Y UN JARDÍN INTERIOR	17,5	17,5	10,75	7,5	0	<b>53,25</b>
63	KUNSTHALINHO	30	30	20	7,5	7,5	<b>95</b>
64	PRAZA DAS LETRAS	20	17,5	12,5	7,5	7,5	<b>65</b>
65	CELOSÍA VEXETAL	15,75	17,5	10,75	5,75	5,75	<b>55,5</b>
66	OPORTUNA 860	17,5	17,5	12,5	7,5	5,75	<b>60,75</b>
67	ÁGORA CULTURA	15,75	15,75	10,75	5,75	7,5	<b>55,5</b>
68	ESCOITA Á NATUREZA SABIA	20	20	12,5	5,75	7,5	<b>65,75</b>
69	MÁIS É MÁIS	17,5	17,5	12,5	7,5	7,5	<b>62,5</b>
70	BAJO LA SOMBRA DE UNA PARRA	25	20	17,5	10	10	<b>82,5</b>
71	ESPACIO DE ENCUENTROS	-	-	-	-	-	<b>0</b>
72	ATRIO (rexistro 8157)	17,5	17,5	12,5	7,5	5,75	<b>60,75</b>
73	ATRIO (rexistro 8156)	15,75	17,5	12,5	5,75	7,5	<b>59</b>



74	CRUZAR LA BIBLIOTECA	-	-	-	-	-	<b>0</b>
75	DESCUBRE, APRENDE Y CREA	15,75	15,75	12,5	5,75	5,75	<b>55,5</b>
76	EIXO DOS LIBROS	22,5	20	15	7,5	5,75	<b>70,75</b>
77	EL POZO DE LOS DESEOS	-	-	-	-	-	<b>0</b>
78	EJE CULTURAL URBANO	25	22,5	15	10	10	<b>82,5</b>
79	CAMIÑO FLORAL	22,5	20	12,5	7,5	7,5	<b>70</b>
80	THECA	17,5	15,75	10,75	7,5	7,5	<b>59</b>
81	HETEH	17,5	17,5	12,5	7,5	7,5	<b>62,5</b>
82	UN COLCHÓN E UN XARDÍN	22,5	20	15	10	7,5	<b>75</b>
83	LIBRO ABERTO	20	15,75	12,5	7,5	7,5	<b>63,25</b>
84	MERCADO CULTURAL "24"	22,5	20	17,5	7,5	7,5	<b>75</b>
85	1000 FULLS	15,75	17,5	10,75	5,75	5,75	<b>55,5</b>
86	LA FÁBRICA DE LAS IDEAS	17,5	15,75	10,75	5,75	5,75	<b>55,5</b>
87	UMBRALES	15,75	17,5	12,5	5,75	7,5	<b>59</b>
88	JARDÍN DE AIRE	15,75	17,5	10,75	7,5	5,75	<b>57,25</b>
89	GRIETA CULTURAL	20	20	15	7,5	7,5	<b>70</b>
90	CONECTANDO CIDADE	15,75	15,75	10,75	5,75	5,75	<b>53,75</b>
91	ESCALEIRA MÁXICA	15,75	17,5	10,75	7,5	5,75	<b>57,25</b>
92	CONECTIVO	17,5	15,75	12,5	7,5	7,5	<b>60,75</b>
93	ENTRECULTURAS	17,5	20	12,5	7,5	7,5	<b>65</b>
94	SE CHOVE QUE CHOVA	15,75	15,75	10,75	7,5	7,5	<b>57,25</b>
95	GEMA	17,5	17,5	10,75	5,75	5,75	<b>57,25</b>
96	BALEA	25	20	17,5	7,5	7,5	<b>77,5</b>
97	MÁIS PRAZA	-	-	-	-	-	<b>0</b>
98	FOLLAS NOVAS	-	-	-	-	-	<b>0</b>
99	UNHA BIBLIOTECA NO LIMIAR	20	20	15	7,5	7,5	<b>70</b>
100	MERCADO CULTURAL	17,5	17,5	12,5	7,5	7,5	<b>62,5</b>

O Xurado, á vista das puntuacións totais alcanzadas por cada un dos participantes e de conformidade co exposto nas bases 10 e 11 que rexen este concurso, acordan:

**Primeiro:** Seleccionar como finalistas ás cinco (5) propostas co "lema" que de seguido se indican por alcanzar a maior puntuación:

- **NO ERA UN SOMBRERO**
- **CONDENSADOR URBANO**
- **NAO SENLLEIRA (REXISTRO 8183)**
- **O CASTRO URBANO**
- **KUNSTHALINHO**

**Segundo:** Notificar ás cinco propostas seleccionadas como finalistas a participar na FASE 2, deste concurso, a través dunha invitación que se remitirá ao correo electrónico que os concursantes crearon co seu lema e consignaron no exterior do sobre 2, para que, no prazo de



30 días hábiles contados dende a recepción da invitación, presenten o desenvolvemento das súas proposta a nivel anteproxecto e que deberá ser presentada de forma anónima nos termos previstos na base 8 que rexe o concurso.

**Terceiro:** Publicar o fallo do xurado no perfil do contratarte.

**NOTA: Ante o anonimato dos traballos presentados que unicamente se identifican co LEMA e tendo en conta que, nalgún caso, non consignaron no Sobre 2 o correo electrónico, sirva esta publicación para convidar a ditos finalistas a participar na FASE 2 e para que presenten no prazo de 30 días hábiles a súa proposta de anteproxecto, tal e como se recolle no punto 2 do acordo**

A secretaria do Xurado, Angelina Carrera Márquez

